

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



Exp. 2017/G007/000018

Don José Villán Fuertes, Secretario do Concello de Carballo - A Coruña

**C E R T I F I C O:**

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada en data 28 de agosto de 2017 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**FOD.1.- Subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2017. Concesión.**

Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 5 de xuño de 2017 foron aprobadas as "Bases xerais e específicas da convocatoria de subvencións en materia de deporte dirixidas a entidades deportivas durante o ano 2017 do Concello de Carballo".

Na mesma sesión foron aprobadas as "Bases específicas da Convocatoria do programa de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2017".

Posteriormente publicáronse no Bop da provincia de A Coruña nº 110, de 13 de xuño de 2017, e no BOP de A Coruña nº 114, de 19 de xuño o correspondente extracto, relativo á Base Nacional de Datos de Subvencións.

De acordo coa base 9 das Bases reguladoras Xerais, por decreto de alcaldía do 31 de xullo, designáronse os membros da Comisión Avaliadora, que celebrou a súa xuntanza o día 31 de xullo de 2017.

Vista a acta da xuntanza e o informe do servizo de fomento e programas deportivos, a Alcaldía resolveu por decreto nº 1950/2017 de 8/08/17, entre outras, conceder provisionalmente as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2017, e Ordear a publicación desta resolución no taboleiro de anuncios do concello de Carballo e na páxina web municipal <http://carballo.gal/deporte/portada.php> e abrir un prazo de 10 días hábiles para que as entidades solicitantes comuniquen, ben o desestimento da solicitude, a reformulación ou o cambio de obxecto, ben para, de o estimar oportuno, presentaren alegacións.

Recibiuse dentro do prazo unha única solicitude de reformulación por parte da entidade "Agrupación Deportiva Fogar" (G15160773) para o obxecto "Campionatos de España de Triatlón", segundo o seguinte detalle: O interesado solicita reformulación do orzamento, con redución de 1.000 € (1.116,90 €) que modifica á alza a porcentaxe de axuda municipal (53,72 %), e rebaixa a puntuación obtida (20,59), pero non afecta á orden obtida nin ó importe a outorgar ó proxecto a subvencionar, nin ó importe global a outorgar.

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
 Praza do Concello S/N  
 Teléfono 981 70 41 00  
 www.carballo.gal  
 infocarballo@carballo.gal  
 15100 CARBALLO  
 A Coruña



Exp. 2017/G007/000018

Ante o cal, vista a proposta do concelleiro delegado de Cultura e Deportes, en uso das competencias delegadas por Decreto da Alcaldía 1938/2015 do 16 de xuño, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes (6), acorda:

**Primeiro.-** Resolver a solicitude de reformulación presentada por "Agrupación Deportiva Fogar" (G15160773) para o obxecto "Campionatos de España de Triatlón", tendo en conta que non modifica a orde obtida polo proxecto a subvencionar, nin o importe a outorgar, de xeito positivo, segundo o seguinte detalle:

Entidade Solicitante	CIF	Obxecto	Puntos	Importe Outorgado	Orzamento Subvdo. a Xustificar
Agrupación Deportiva Fogar	G15160773	Campionatos de España de Triatlón	20,59	600,00 €	1.116,00 €

**Segundo.-** Conceder as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2017 ás entidades que se relaciona no anexo 1, polos importes que se indican, con cargo á aplicación 3410/4890000 "Subvencións fomento deporte non nominativas" do Orzamento Municipal en vigor. (RC201700015820), sendo o importe total proposto de 8.800,00 €, estando previstos inicialmente 10.000,00 €.

**Terceiro.-** Exonerar a tódolos beneficiarios da constitución de garantía necesaria para importes de subvención que excedan de 3.000,00 €, segundo o previsto nas bases xerais da convocatoria, en conformidade ó previsto no artigo 42 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, xa que declaran insuficiencia financeira para asumir os gastos que se derivan do proxecto subvencionado.

**Cuarto.-** Notificar ós interesados propostos como beneficiarios na forma prevista na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, para que no prazo de dez días comuniquen a aceptación ó Servizo de Fomento e Programas Deportivos, advertindo de que transcorrido o prazo sen terse producido a aceptación expresa, a subvención entenderase tácitamente aceptada.

**Quinto.-** Ordear a publicación desta resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Carballo.

**Sexto.-** No cumprimento do disposto no artigo 18.2 da Ley 38/2003, general de subvenciones, e demais normativa de desenvolvemento, o Concello de Carballo remitirá a Base de Datos Nacional de Subvenciones información sobre a concesión desta subvención ós respectivos beneficiarios.

**Anexo 1.- Subvencións concedidas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2017.**

Entidade Solicitante	CIF	Obxecto	Puntos	Importe Outorgado	Orzamento Subvdo. a Xustificar
Agrupación Deportiva Fogar	G15160773	Campionatos de España de Natación	71,76	1.200,00 €	3.571,00 €
Agrupación Deportiva Fogar	G15160773	Campionatos de España de Triatlón	20,59	600,00 €	1.116,00 €
Bergantiños F.C.	G15116775	Fase de Ascenso a 2ªB	99,41	2.500,00 €	6.403,70 €
Escolas Xiria Balonmán	G70046362	Fase de Ascenso División de Honra Prata	90,00	3.000,00 €	9.000,00 €
Escolas Xiria Balonmán	G70046362	Campeonato Estatal de Balonmán	44,41	1.500,00 €	2.300,00 €

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
 (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



Exp. 2017/G007/000018

---

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Carballo o luns catro de setembro de dous mil dezasete.

V. e Pr.

O alcalde